



Rojo Noguera destaca que o expresidente da Cámara participou activamente na consolidación institucional e autonómica de Galicia

A presidenta do Parlamento de Galicia lamenta o pasamento de Victorino Núñez, “un político de raza”

Santiago, 19 de xuño de 2010.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, lamenta o falecemento do que fora presidente da Cámara autonómica durante a III e a IV Lexislatura (1990-1993 e 1993-1997), Victorino Núñez Rodríguez.

Rojo Noguera valora o traballo desenvolvido por Victorino Núñez á fronte da Presidencia do Parlamento de Galicia e considera que ese labor o converte nun dos artízipes do desenvolvemento institucional e autonómico de Galicia. “Foi un político de raza, profundamente comprometido con Galicia e así debería ser recordado”, agrega Rojo Noguera.

A presidenta do Parlamento de Galicia, e mailos membros da Mesa da Cámara, enviaron telegramas de condolencia á familia do falecido e púxose á súa disposición para o que necesiten para axudar a superar este trance.

Pilar Rojo visitará a capela ardente ao longo da tarde de hoxe.

Simultaneamente, as bandeiras do Parlamento de Galicia ondearán a media asta, en sinal de pesar.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.